

MERCADO DE NADAL CONCELLO DE SANTIAGO 2024-2025

FICHA DA ACCIÓN

Entidade promotora: Departamento de Comercio. Concello de Santiago de Compostela.

Obxecto: Mercado de Nadal do Concello de Santiago 2024/2025.

Potenciais participantes: artesáns, produtores e comerciantes con capacidade para elaborar ou vender produtos, creacións ou elaboracións de Nadal, agasallos e produtos de alimentación relacionados co Nadal.

Datas de celebración: do 29 de novembro de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025.

Localizacións: Carreira do Conde (29 de novembro a 5 de xaneiro) e Área Central (20 de decembro a 5 de xaneiro).

Horario: apertura diaria de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 h a 21.30h, agás:

- día 24 e 31 de decembro: apertura só de mañá (12.00 a 14.00h)

- días 25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. DESENVOLVEMENTO: DATAS, QUENDAS, HORARIOS DE APERTURA E POSTOS

1.1 O Mercado de Nadal do Concello de Santiago localizarase na Carreira do Conde de Santiago de Compostela desde o día 29 de novembro de 2024 ao 5 de xaneiro de 2025, e en Área Central entre o 20 de decembro de 2024 e o 5 de xaneiro de 2025.

1.2. O horario de apertura ao público será de 12.00 a 14.00 e de 16.30 a 21.00h.

1.3. O mercado organizarase en **5 quendas en Carreira do Conde e 2 quendas en Área Central**, conforme ás datas que seguen:

Quenda 1: Venres 29 de novembro a xoves 5 de decembro (7 días), en Carreira do Conde.

Quenda 2: Venres 6 a xoves 12 de decembro (7 días), en Carreira do Conde.

Quenda 3: Venres 13 a xoves 19 de decembro (7 días), en Carreira do Conde.

Quenda 4: Venres 20 a venres 27 de decembro (7 días), en Carreira do Conde e Área Central.

Quenda 5: Sábado 28 de decembro a domingo 5 de xaneiro (8 días), en Carreira do Conde e Área Central.

1.4. Para as quendas e datas recollidas no apartado anterior, o mercado contará cun total de 15 casetas en Carreira do Conde. Incluirá asemade un máximo de 5 postos exteriores de alimentación, pero sempre en función das dimensións das estruturas e posibilidades de montaxe na rúa Carreira do Conde. En Área Central proporcionaranse os elementos de exposición para un máximo de 15 postos.

2. PERSOAS EXPOSITORAS. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

2.1. Poderán participar no mercado as persoas comerciantes, artesás e produtoras con capacidade para producir, exhibir, elaborar e vender produtos. Pode tratarse de sociedades ou persoas físicas, sempre que estean legalmente constituídas ou regularizadas no réxime de traballadores por conta propia, na actividade económica que lles corresponda. Non poderán participar no mercado aquelas persoas con débedas co Concello de Santiago.

2.2. Todas as persoas solicitantes poderán optar a 1 ou varios postos nas diferentes quendas e nas dúas localizacións.

2.3. No proceso de selección serán prioritarios os produtos de carácter artesanal e valorarase a calidade, a orixinalidade e a produción a pequena escala para o caso de non seren produtos artesanais. Tamén se valorarán as propostas de repostaría, doces e outros produtos de alimentación ou bebidas vinculadas ás celebracións de Nadal e aos eventos de rúa.

2.4. En beneficio do mercado, nas tres primeiras quendas darase prioridade aos produtos propios de decoración do Nadal.

2.5. Para a Carreira do Conde, ademais das persoas candidatas para a exposición nas casetas poderanse tamén seleccionar expositores de postos de alimentación e bebidas quentes que acheguen estruturas propias de exposición. Neste caso, os expositores serán responsables da seguridade nocturna das súas estruturas. De consideralo preciso poderán montar e desmontar diariamente, sempre que se garanta a apertura ao público no horario recollido no punto 1.2. destas bases.

2.6. A solicitude de participación é única e realizarase exclusivamente mediante o formulario de solicitude de participación [dispoñible nesta ligazón](#). Asemade e no mesmo prazo deberán achegar por correo electrónico ao enderezo mercadonadal@gmail.com a documentación de valoración resumida no anexo destas bases.

2.7. As persoas solicitantes poderán solicitar todas as quendas que desexen nunha ou as dúas localizacións, tendo en conta que se lles pode adxudicar calquera da quenda ou quendas e localizacións que inclúan no formulario.

2.8. Deben cumprimentarse todos os apartados do formulario de solicitude. Non cumprimentalos determinará a perda de oportunidade de valoración dos criterios recollidos no apartado 3 destas bases por falta de información.

2.9. Todas as persoas adxudicatarias deberán acreditar que desenvolven unha actividade económica regularizada, mediante:

- Copia do DNI ou do CIF.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou do réxime que corresponda), ou compromiso asinado de estaren de alta no momento de participación no mercado.
- Certificado das epígrafes do IAE no apartado que corresponda.
- Para novos artesáns ou creadores, solicitude de alta nas epígrafes do IAE que correspondan ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Rexistro sanitario e certificacións das autorizacións para elaborar ou manipular alimentos, para os solicitantes que sexa aplicable.
- Seguro de responsabilidade civil que especificamente cubra a participación no mercado (venta ambulante).
- Copia da carta de Artesanía de Galicia, cando aplique.
- Xustificante do abono da taxa municipal consonte a Ordenanza fiscal 3.24 Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

2.10. O Concello de Santiago comprobará de oficio que as persoas solicitantes non teñen débedas co Concello de Santiago. Ter débedas co Concello é motivo de non admisión ou exclusión.

2.11. As persoas interesadas poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no mercado no seguinte contacto: mercadonadal@gmail.com

3. CRITERIOS DE PONDERACIÓN E VALORACIÓN DE SOLICITUDES

3.1. As solicitudes de participación serán valoradas con puntuacións de 1 a 5 conforme aos criterios de ponderación e valoración que se describen nos apartados 3.2. e 3.3. destas bases.

3.2. Para os solicitantes de caseta e/ou posto en Carreira do Conde e Área Central a puntuación máxima que se pode obter é de 33 puntos. O baremo a aplicar é o que segue:

a. O carácter artesanal do produto a expoñer, entendéndose como “actividade artesanal” a que supón a creación, produción, restauración ou reparación de produtos de valor artístico ou popular mediante procesos nos que a intervención da persoa artesá constitúe o factor de diferenciación e xera produtos finais de carácter individualizado e distinto do industrial. Posuír a *Carta de Artesanía de Galicia* outorgará a máxima puntuación, sempre que o produto artesanal supere o 80% do total do produto que se pretende expoñer.

A valoración realizarase segundo a información proporcionada no formulario de solicitude e conforme aos tramos que seguen:

- 5 puntos: produto 100% artesanal.
- 4 puntos: o produto a expoñer é artesanal nun 80%.
- 3 puntos: o produto a expoñer é artesanal nun 60%.
- 2 puntos: o produto a expoñer é artesanal nun 40%.
- 1 punto: o produto a expoñer é artesanal nun 25%
- 0 puntos: o produto a expoñer non é artesanal, ou o artesanal é inferior ao 25% do total do produto.

b. Calidade da presentación e exposición do produto, que se valorará con puntuacións de 0 a 5 sobre fotografías do produto exposto noutras feiras, mercados ou eventos, que as persoas solicitantes deben achegar dentro do prazo de solicitude fixado nas presentes bases.

c. Carácter de diferenciación do produto a expoñer, que se valorará de 0 a 5 tendo en conta o deseño, a singularidade, o carácter innovador do produto ou a incorporación das tendencias actuais, e que se valorará sobre as fotografías que facilite a persoa solicitante.

d. A idoneidade e carácter de Nadal do produto, que se valorará de 0 a 5 conforme as porcentaxes indicadas no formulario de solicitude, conforme aos tramos que seguen:

- 5 puntos: o 100% do produto a expoñer é propio do Nadal.
- 4 puntos: o produto propio do Nadal supón o 80% do total.
- 3 puntos: o produto propio do Nadal supón o 60% do total.
- 2 puntos: o produto propio do Nadal supón o 40% do total.
- 1 punto: o produto propio do Nadal supón o 25% do total.

- 0 puntos: non é produto propio do Nadal, ou o produto propio do Nadal é inferior ao 25% do total do produto.

e. **O proxecto de decoración do posto**, que se valorará de 0 a 5, en atención á calidade do proxecto e a natureza dos materiais a utilizar. Para poder ser valorado, as persoas solicitantes deberán remitir descrición pormenorizada da decoración proposta dentro do prazo de solicitude.

f. **O feito de tratarse de produción realizada en Galicia**, segundo a información de porcentaxes que as persoas expositoras inclúan nas solicitudes de participación e os tramos que seguen:

- 5 puntos: o 100% do produto é realizado en Galicia.
- 4 puntos: o produto realizado en Galicia supón o 80% do total.
- 3 puntos: o produto realizado en Galicia supón o 60% do total.
- 2 puntos: o produto realizado en Galicia supón o 40% do total.
- 1 punto: o produto realizado en Galicia supón o 25% do total.
- 0 puntos: non é produto realizado en Galicia, ou o produto realizado en Galicia é inferior ao 25% do total do produto.

g. **A localización xeográfica da razón social dos expositores**, outorgándose:

- 3 puntos aos solicitantes con razón social no concello de Santiago de Compostela.
- 2 puntos aos solicitantes con razón social na bisbarra de Santiago de Compostela.
- 1 punto aos solicitantes con razón social en calquera outro concello de Galicia.
- 0 puntos ás solicitudes de persoas expositoras de fóra de Galicia.

3.3. Para os expositores do sector da alimentación tradicional ou vinculados ao Nadal que soliciten participar na localización Carreira do Conde **con posto exterior (sen caseta proporcionada polo Concello)**, a **puntuación máxima que poderán obter as persoas solicitantes é de 16 puntos**. O baremo a aplicar é o que segue:

a. **Carácter do produto a expoñer**, que se valorará de 0 a 5 conforme ao baremo que segue:

- 5 puntos: o 100% do produto realízase no mercado.
- 4 puntos: o produto realizado no mercado supón o 80% do total.
- 3 puntos: o produto realizado no mercado supón o 60% do total.
- 2 puntos: o produto realizado no mercado supón o 40% do total.
- 1 punto: o produto realizado no mercado supón o 25% do total.
- 0 puntos: non é produto realizado no mercado, ou o produto realizado no mercado é inferior ao 25% do total do produto.

b. **Idoneidade do produto a expoñer**, que se valorará de 0 a 5 segundo a súa adaptación aos obxectivos, contidos e época do ano (Nadal) na que ten lugar o mercado.

b. **Estrutura** coa que participaría o expositor, outorgándose 1 punto ás solicitudes que ofrezan estruturas de exposición con posibilidade de peche con elementos

sólidos e aptos para climatoloxía adversa, e 0 puntos para as solicitudes que non cumpran estes condicionantes.

c. **Calidade e adaptación da estrutura de exposición ao carácter do mercado**, que se valorará de 0 a 5 mediante fotografías da estrutura proposta, que as persoas solicitantes deberán remitir dentro do prazo de solicitude

4. PROCESO DE ADMISIÓN E ADXUDICACIÓN DE QUENDAS.

4.1. Só poderá presentarse unha solicitude por cada persoa física ou xurídica interesada. O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación destas bases na web do departamento de comercio do Concello de Santiago (comerciolocalsantiago.gal) e sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal), e rematará o **28 de outubro de 2023 ás 14:00h.**

4.2. A solicitude de participación realizarase exclusivamente mediante o formulario de solicitude de participación dispoñible [dispoñible nesta ligazón](#). Asemade e no mesmo prazo deberán achegar por correo electrónico ao enderezo mercadonadal@gmail.com a documentación de valoración resumida no anexo destas bases.

4.3. A valoración realizarase por unha comisión técnica constituída con esa finalidade que valorará as solicitudes consonte os criterios establecidos no apartado 3 destas bases.

4.4. Tras a valoración, o **día 4 de novembro** de 2023 publicarase a relación de admitidos na páxina web do departamento de comercio do Concello de Santiago (comerciolocalsantiago.gal) e sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal). As puntuacións obtidas por cada unha das persoas solicitantes comunicaranse a cada unha delas por correo electrónico no enderezo facilitado na solicitude de participación.

Para formar parte da listaxe de expositores admitidos, as persoas solicitantes deberán obter un **mínimo de 12 puntos na valoración global**, a excepción das solicitudes do sector da alimentación con **posto exterior, que deberán obter un mínimo de 7 puntos.**

4.5. A adxudicación de postos e emprazamentos ás persoas admitidas será realizada polo departamento de comercio. O **día 8 de novembro de 2024** procederase á publicación, na web comerciolocalsantiago.gal, da **listaxe provisional de adxudicación** das quendas e emprazamentos. As persoas expositoras incluídas deberán **confirmar a súa aceptación da quenda adxudicada** por correo electrónico ao enderezo mercadonadal@gmail.com antes das **14:00h. do día 13 de novembro**, acompañando a súa aceptación coa documentación xustificativa dos requisitos de participación do apartado 2.9 destas bases.

4.6. De existiren máis solicitudes admitidas que postos dispoñibles, as persoas solicitantes admitidas que non dispoñan de praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda.

4.7. Transcorrido o prazo de aceptación de quendas e emprazamentos, os postos non aceptados serán adxudicados sucesivamente ás persoas expositoras en lista de agarda, que deberán confirmar a aceptación e remitir a documentación xustificativa dos requisitos de participación no prazo máximo de **dous días naturais desde a comunicación** de ofrecemento de posto. Esta comunicación realizarase por correo electrónico ao enderezo especificado na solicitude de participación.

4.8. De non existiren solicitantes admitidos dabondo para cubrir as vacantes, procederase á adxudicación de unha ou máis quendas a persoas expositoras xa incluídas e que no formulario de solicitude rexistrasen a súa dispoñibilidade para as quendas vacantes.

4.9. A asignación da/s quenda/s ás persoas solicitantes que resulten admitidas, realizarase en beneficio do mercado en atención á heteroxeneidade de oficios e produtos en cada unha das quendas e á súa caracterización coma mercado de Nadal. Por isto, a organización resérvase o dereito a:

- Evitar a coincidencia nas mesmas quendas e emprazamentos dun exceso de expositores coa mesma tipoloxía de produto ou materia prima utilizada.
- Garantir a presenza de expositores con produto específico de decoración de Nadal nas quendas 1, 2 e 3. Neste caso, pódese producir mesmo que se adxudique máis de 1 quenda aos expositores que na solicitude de participación se comprometan a expoñer cando menos un 80% de produtos específicos de decoración de Nadal.

4.10. Non aceptar a quenda ou quendas adxudicadas en prazo, ou non remitir a documentación esixida para participar, implicará a perda do dereito de participación no mercado.

Así mesmo, advírtese de que o feito de rexeitar inxustificadamente un posto adxudicado nunha quenda expresamente pedida na solicitude de participación formulada no seu momento, poderá ser motivo de non admisión de participación no mercado en futuras edicións.

4.11. A **listaxe definitiva** de adxudicación de postos e emprazamentos publicarase na páxina web do departamento de Comercio (comerciolocalsantiago.gal) e sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) antes do día **20 de novembro de 2023**.

5. GARANTÍA DE PARTICIPACIÓN

5.1. A participación no mercado é de balde para persoas expositoras e visitantes, sen prexuízo do abono da obrigada taxa por ocupación do dominio público municipal. Non obstante, unha vez adxudicadas as quendas, as persoas seleccionadas deberán realizar o depósito dunha **garantía de participación de 250,00 €**, que recuperarán integramente ao remate do mercado agás nos casos que se especifican a continuación:

- Cancelación da súa participación no mercado unha vez aceptada a adxudicación.
- Se a súa asistencia ao mercado produce danos ou perdas no seu espazo ou mobiliario, que se lle asigne, no doutros expositores ou na caseta de exposición. Neste caso, avaliaranse os custos aplicables e o expositor deberá aboar a diferenza, se existise.
- Se o produto á venda non é o rexistrado na solicitude de participación, ou non se cumpren as porcentaxes rexistradas no formulario de solicitude.
- Calquera outra circunstancia recollida nestas bases de participación.

5.2. O depósito da garantía de participación **debe realizarse como moi tarde** nas seguintes datas:

- **O 25 de novembro**, para todos os expositores participantes nas quendas 1, 2 e 3.
- **O 11 de decembro**, para todos os expositores participantes nas quendas 4 e 5.

Non realizar o depósito en prazo implicará a perda da quenda ou quendas adxudicadas.

5.3. A xestión da recepción e devolución dos depósitos de garantía realizarase pola empresa contratada polo Concello como asistencia técnica á coordinación do mercado. Recibida a aceptación da quenda adxudicada, comunicarase o titular e máis o número de conta bancaria de ingreso.

6. CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO

6.1. Non se aceptará a exposición e venda de produtos non autorizados. O incumprimento desta norma suporá a retirada do produto non autorizado e mesmo a cancelación da participación do expositor na quenda ou quendas adxudicadas, sen devolución do depósito de garantía ao que se fai referencia no apartado 5 destas bases.

6.2. Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do espazo adxudicado a outros artesáns, comerciantes ou empresas.

6.3. É responsabilidade directa das persoas expositoras o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa sanitaria, laboral e fiscal.

6.4. É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas adxudicadas, nos horarios de apertura ao público. De non cumprirse este requisito, a organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da lista de agarda, perdendo a persoa expositora o dereito a recuperar o depósito de garantía ao que se refire o apartado 5 destas bases.

6.5. Os expositores están obrigados a adornar os seus postos con motivos de Nadal. A decoración e materiais deben corresponderse co proxecto incluído na solicitude de participación. Non cumprir esta obriga será motivo de expulsión e perda do depósito de garantía. A exposición dos produtos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo e ordenado, seguindo o espírito do evento.

6.6. A organización terá a facultade de excluír do mercado os expositores que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento para as persoas visitantes, expositoras ou para o persoal da organización.

6.7. Non se permitirá a exposición de produtos que pola súa natureza poidan perturbar ao resto das persoas expositoras ou que sexan susceptibles de deteriorar as estruturas, o pavimento, as paredes ou calquera outro elemento fixo ou móbil das casetas ou do mobiliario de exposición. Non se permitirá aplicar colas ou disolventes nos pavimentos nin nas paredes das casetas e tampouco utilizar produtos perigosos, tóxicos ou inflamables. No caso de existiren necesidades específicas de montaxe, os expositores informarán á organización, que revisará as peticións e intentará favorecerlas pero reservándose o dereito de autorizarlas.

6.8. As persoas expositoras non poderán cubrir total ou parcialmente as casetas con plásticos.

6.9. Non se permite a exposición de produtos sobre o pavimento da rúa nin no exterior das casetas. A única excepción a esta norma é a dos postos do sector da decoración floral, ou daqueles que soliciten instalar elementos para a realización de demostracións de uso do produto exposto, que deberán ser expresamente autorizados pola organización.

6.10. A reprodución de música nos postos terá en conta e respectará a normativa sobre dereitos de autor, cuxo cumprimento será responsabilidade do expositor. O volume será o axeitado para non molestar ao público nin aos postos contiguos.

6.11. Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.

6.12. As persoas solicitantes quedan informadas e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á asistencia técnica de apoio á coordinación do mercado no correo electrónico mercadonadal@gmail.com

7. CASETAS E MESAS, HORARIOS DE MONTAXE

7.1. Nos postos do tipo caseta de Carreira do Conde, os expositores contarán cunha estrutura de madeira individual, con espazo cuberto de 2,80m x 2m. As casetas terán ventás abatibles con sistema hidráulico que, estendidas, forman un avance de 1,10 m e disporán tamén dun mostrador (0,75m de fondo) e de dúas ou tres baldas para a exposición e venda dos produtos. Contarán tamén cun cartel de identificación coa súa denominación comercial e cunha toma eléctrica.

No caso dos postos de exposición de Área Central, a organización proverá as persoas expositoras dunha estrutura de 0,75 x 1,50 metros e de elementos complementarios de exposición (caixas de madeira). Disporán tamén de soporte e cartel de identificación coa súa denominación comercial.

7.2. En cada unha das quendas, as persoas participantes deberán aterse aos horarios de montaxe e recollida que fixe a organización.

8. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

8.1. Os expositores autorizan a realización de fotografías e vídeos dos seus produtos durante a celebración do mercado e ceden os dereitos de reprodución de todo o material gráfico e audiovisual que se realice para dar promoción á iniciativa.

8.2. A organización proverá os participantes dun número limitado de bolsas de compra coa imaxe do mercado.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

9.1. A participación no mercado implica aceptar integramente estas bases e as decisións que adopte a organización ao interpretalas ou a respecto de aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante ou despois do evento.

ANEXO:

RESUME DE PRAZOS E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR EN CADA UNHA DAS FASES

I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Presentación mediante formulario **antes das 14:00h. do día 28 de outubro de 2024, [dispoñible nesta ligazón.](#)** O formulario estará dispoñible a partir do día seguinte da publicación destas bases na sede electrónica do Concello e mais na páxina web do departamento de comercio, comerciolocalsantiago.gal.

No mesmo prazo **remitiranse por correo electrónico** (mercadonadal@gmail.com):

- . Proxecto detallado de decoración de Nadal do posto.
- . Fotografías (3 máximo) para valoración da calidade da presentación e exposición do produto.
- . Fotografías (4-6) para valorar o produto e o seu carácter diferenciador .

II. DATAS DE PUBLICACIÓN DE LISTAXES

As listaxes serán publicadas na páxina web do departamento de Comercio do Concello de Santiago, no enderezo comerciolocalsantiago.gal, conforme ao calendario que segue:

- Publicación de listaxe de admitidos e comunicación de puntuacións: **4 novembro**
- Publicación de listaxe provisional de adxudicación: **8 de novembro**
- Prazo límite de aceptación e envío de documentación: **13 novembro**
- Publicación de listaxe definitiva de adxudicación: **antes do 20 novembro**

II. ACEPTACIÓN DE QUENDAS E DOCUMENTACIÓN

Publicada/s a/s listaxe/s de adxudicación, as persoas solicitantes deberán confirmar en prazo por correo electrónico (mercadonadal@gmail.com) a aceptación, remitindo no mesmo correo a documentación xustificativa de cumprir os requisitos de participación:

- Copia do DNI ou do CIF.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou do réxime que corresponda), ou compromiso asinado de estaren de alta no momento de participación no mercado.
- Certificado das epígrafes do IAE no apartado que corresponda.
- Para novos artesáns ou creadores, solicitude de alta nas epígrafes do IAE que correspondan ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Rexistro sanitario e certificacións das autorizacións para elaborar ou manipular alimentos, para os solicitantes que sexa aplicable.
- Seguro de responsabilidade civil que especificamente cubra a participación no mercado (venta ambulante).
- Copia da Carta de Artesanía de Galicia, cando aplique.
- Xustificante do abono da taxa municipal consonte a Ordenanza fiscal 3.24 Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

III. INGRESO DE DEPÓSITO DE GARANTÍA

As persoas adxudicatarias deberán realizar ingreso do depósito de garantía nos prazos límites de:

- **O 26 de novembro**, para todos os expositores participantes nas quendas 1, 2 e 3.
- **O 11 de decembro**, para todos os expositores participantes nas quendas 4 e 5.